

# Plan Dixital

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
32016765	CIFP Portovello	Ourense	2024/2025	Plan pechado-seguemento

## 1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	19/12/24
Data aprobación consello	20/07/22
Data aprobación claustro	30/10/24

## 2. Introducción

O CIFP Portovello de Ourense pertence á rede pública de centros integrados de formación de Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia. Foi creado en 2011 a partir do IES Portovello. O noso Centro de Formación atópase no barrio de "As Lagoas" nunha zona próxima ao centro da cidade de Ourense, e preto da zona universitaria de dita cidade; de xeito exacto na Rúa Luis Trabazos, 1. Os datos de contacto co centro son:

- Teléfono: 988788903/988788901
- Correo electrónico: cifp.portovello@edu.xunta.gal
- Páxina web: www.cifpportovello.gal

Está conformado por dúas edificacións, totalmente diferenciadas:

- Edificio A: neste impártense os ciclos formativos que constitúen a oferta das familias profesionais de Administración e Xestión, e Comercio e Márketing, nas diferentes modalidades. Atopamos a Secretaría, Despacho de Dirección, Despacho de Relación con empresas-FCT, Calidade, TICS e Acreditación. Tamén conta cun espazo para Viveiro de empresas.

- Edificio B: situado na Praza Fernando Folgado, 4. No que se imparten os ciclos formativos da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade. Neste edificio situamos Vicedirección e Despacho de Xefatura de Formación, Despacho de Coordinación de Formación e Despacho de Programas Internacionais.

O total de alumnado matriculado neste curso académico 24-25 é de 660 persoas en réxime ordinario, 714 en distancia e 55 en dual.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do centro.

O CIFP Portovello é un centro urbano, situado no barrio das Lagoas que, se ben hai pouco tempo podía considerarse como unha zona periférica da cidade, hoxe forma parte do núcleo central da mesma.

A procedencia dos usuarios do CIFP é maioritariamente da zona occidental da provincia de Ourense, sur da provincia de Lugo e este da provincia de Pontevedra, aínda que en determinados ciclos e modalidades pódense atapar facilmente alumnos/as do resto da comunidade autónoma, en especial do sur da provincia de Pontevedra.

O entorno económico pertence maioritariamente ao sector servizos aínda que con empresas de moi pouco tamaño que dificulta a implantación de determinadas modalidades de formación. A pouca industria radica no cercano Polígono de San Cibrao da Viñas e no de Pereiro de Aguiar, onde se atopan as empresas mais significativas como Adolfo Domínguez, Lonia Textil, Unvi, Coalsa e diversas empresas auxiliares do sector do automóbil.

En canto ao entorno social destacar o alto grao de envellecemento da poboación unido a taxas de natalidade cada vez mais baixas que aportan unha variable moi influente a hora de deseñar a oferta formativa, tanto de ciclos da denominada formación inicial como da formación para desempregados ou acreditación de competencias.

A contribución á planificación xeral anual é mellorando a capacidade dixital do centro en canto a utilización das novas tecnoloxías, tendo en conta que o centro dispón de amplas instalacións tecnolóxicas e tendo en conta que o persoal

pertence ao ámbito da formación profesional polo que dito coñecemento dixital está garantido.

Breve xustificación do mesmo

o Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

o Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25.

o Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Proceso de elaboración

No comezo do curso escolar 2021-2022 constituíse o PFPP: Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital do CIFP Portovello coordinado por Bienvenido Causo Domínguez (Coordinador TIC's) e no que participou o 70% do claustro; nos seguintes cursos, 2022-2023 e 2023-2024 implementouse tamén o mesmo no centro. Neste curso actual, 2024-2025, constituíse o novo equipo de dinamización do plan dixital formado por:

Coordinadora: Natalia Gómez Losada (coordinadora TIC's)

Profesorado colaborador:

Abel Ocampo Sánchez

Rubén Ansia Vázquez

Bienvenido Couso Domínguez

Pablo Rodríguez Álvarez

Ana Feijoo Ruiz

Lidia Blanco Cerradelo

Estela Iglesias González

Susana Caldelas Fernández

### 3. Contexto DAFO

#### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

- Autoavaliación SELFIE
- Test CDD

### 3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	O centro dispón de páxina web pero é pouco funcional e accesible dende dispositivos móbiles e está sobrecargada de información o que empeora a súa navegación e estética	Infraestruturas	Si
Debilidade	Falta de feedback por parte do profesorado das súas boas prácticas e necesidades no ámbito das TIC's	Persoal docente	Si
Debilidade	Falta de tempo para poder actualizar e implementar os coñecementos no emprego de ferramentas dixitais e outras cuestións relativas ao uso das TIC's	Persoal docente	Si
Debilidade	As publicacións da páxina web e das redes sociais do centro non seguen sempre unha estética coherente e consistente cunha identidade corporativa definida	Persoal docente	Non
Fortaleza	O centro dispón de dispositivos dixitais para a utilización por parte da maioría do alumnado.	Alumnado	Non
Fortaleza	Estáse a traballar na mellora da imaxe da páxina web e das rrss	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O centro dispón de asistencia técnica	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O centro dispón de dispositivos dixitais para o emprego na labor docente así como de acceso a internet para o ensino-aprendizaxe	Infraestruturas	Si
Fortaleza	O centro conta cunha empresa que realiza o mantemento e deseño da páxina web e dos seus aplicativos	Infraestruturas	Si
Fortaleza	O equipo directivo apoia ao profesorado para probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.	Oferta	Si
Fortaleza	O centro dispón da canle de comunicación interna Teams, a cal facilita o intercambio de comunicacións entre o profesorado así como o traballo colaborativo	Organización de centro	Si
Fortaleza	A maioría do profesorado emprega e ten acceso á formación das tecnoloxías dixitais para a avaliación do progreso en materia de ensino-aprendizaxe	Persoal docente	Si
Fortaleza	Persoal motivado para a actualización das ferramentas dixitais que se empregan no seu traballo.	Persoal non docente	Si

### 3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Os sistemas de seguridade informática limitan as capacidades dixitais do centro.	Administración educativa	Non
Ameaza	Falta de estratexia dixital no tecido empresarial da cidade.	Contorna	Non
Ameaza	Incertidume creada pola implementación da nova Lei de FP.	Lexislación	Non
Ameaza	As empresas non participan no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.	Outras	Non
Oportunidade	Grao de implantación de recursos dixitais para desenvolver as tarefas.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Proximidade co Parque Tecnolóxico de Galicia, onde se concentran empresas tecnolóxicas. O centro de innovación de FP de Galicia ubicarase na cidade de Ourense.	Contorna	Non
Oportunidade	Os novos Fondos Europeos están a apostar pola dixitalización da contorna educativa.	Lexislación	Non
Oportunidade	A través das diferentes tecnoloxías podemos contactar con outros organismos.	Outras	Non

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Formar ao profesorado en ferramentas dixitais para o desenvolvemento da práctica docente
O02PD	Realizar un deseño funcional, accesible e intuitivo da paxina web do centro, tanto na navegación vía móbil como na navegación web por ordenador, cun deseño actual e depurado onde non haxa elementos molestos que dificulten a navegación e á estética
O03PD	Facilitar ao profesorado información sobre as TIC's empregadas no centro e promover a súa autonomía no uso das mesmas
O04PD	Conseguir un maior feedback por parte do profesorado das súas boas prácticas e necesidades no ámbito das TIC's para poder implementalas no centro si se considerase de interese

### 4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

#### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Falta de tempo para poder actualizar e implementar os coñecementos no emprego de ferramentas dixitais e outras cuestións relativas ao uso das TIC's

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal motivado para a actualización das ferramentas dixitais que se empregan no seu traballo.

Fortaleza - Oferta - O equipo directivo apoia ao profesorado para probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.

#### 4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Realizar como mínimo 1 formación interna relacionada coas TIC's	0	Participación do 30%				

#### 4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Formación interna sobre ferramentas dixitais de aplicación docente	31/05/2025	maio
<b>Responsables</b>	Responsable TICs	
<b>Destinatario</b>	Profesorado actual do centro	

#### 4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

#### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - O centro dispón de páxina web pero é pouco funcional e accesible dende dispositivos móbiles e está sobrecargada de información o que empeora a súa navegación e estética

Fortaleza - Infraestruturas - O centro conta cunha empresa que realiza o mantemento e deseño da páxina web e dos seus aplicativos

#### 4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Ter o novo deseño da páxina web listo e en funcionamento antes de rematar o mes de abril	Hai unha proposta de deseño para a páxina web	100% Ter o novo deseño da páxina web en funcionamento antes de rematar o mes de abril				

#### 4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Realización dun deseño funcional, accesible e intuitivo da paxina web	30/04/2025	abril
<b>Responsables</b>	Coordinadora de TICs	
<b>Destinatario</b>	Alumnado, profesorado e público en xeral que poda acceder á páxina web	

#### 4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

##### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Falta de tempo para poder actualizar e implementar os coñecementos no emprego de ferramentas dixitais e outras cuestións relativas ao uso das TIC's

Fortaleza - Persoal docente - A maioría do profesorado emprega e ten acceso á formación das tecnoloxías dixitais para a avaliación do progreso en materia de ensino-aprendizaxe

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal motivado para a actualización das ferramentas dixitais que se empregan no seu traballo.

Fortaleza - Oferta - O equipo directivo apoia ao profesorado para probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.

Fortaleza - Organización de centro - O centro dispón da canle de comunicación interna Teams, a cal facilita o intercambio de comunicacións entre o profesorado así como o traballo colaborativo

Fortaleza - Infraestruturas - O centro dispón de dispositivos dixitais para o emprego na labor docente así como de acceso a internet para o ensino-aprendizaxe

##### 4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Entregar física ou virtualmente ao profesorado de nova incorporación información sobre as TIC's empregadas no centro	Chegar ao 85% do profesorado	Chegar ao 90% do profesorado				
Entregar guías actualizadas da aula virtual ou fisicamente	Chegar ao 85% do profesorado	Chegar ao 90% do profesorado				

##### 4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Entrega física ou virtual ao profesorado de nova incorporación información sobre as TIC's empregadas no centro	30/06/2025	xuño
<b>Responsables</b>	Coordinación de Tic's	
<b>Destinatario</b>	Profesorado de nova incorporación	

Acción	Data máxima	Temporalización
Entrega física ou virtual ao profesorado de guías actualizadas da aula virtual	30/06/2025	xuño
<b>Responsables</b>	Coordinación de Tic's	
<b>Destinatario</b>	Profesorado actual do centro	

#### 4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

#### 4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Falta de feedback por parte do profesorado das súas boas prácticas e necesidades no ámbito das TIC's

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal motivado para a actualización das ferramentas dixitais que se empregan no seu traballo.

Fortaleza - Oferta - O equipo directivo apoia ao profesorado para probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.

Fortaleza - Organización de centro - O centro dispón da canle de comunicación interna Teams, a cal facilita o intercambio de comunicacións entre o profesorado así como o traballo colaborativo

#### 4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Realizar 2 ou máis enquisas ao profesorado ao longo do curso para coñecer as súas boas prácticas e necesidades no ámbito das TIC's	0	Participación do 70%				
Realizar como mínimo 1 formación interna relacionada coas necesidades detectadas	0	Participación do 30%				

#### 4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Realización de 2 enquisas ao profesorado para coñecer as súas boas prácticas e necesidades no ámbito das TIC's	30/06/2025	xuño
<b>Responsables</b>	Natalia Gómez Losada	
<b>Destinatario</b>	Profesorado actual do centro	

### 5. Seguimento

#### 5.1. Procedemento para o seguimento

O seguimento realizarase mediante a aplicación de Educalidade e reunións coa persoa responsable do Adix 2, para ver o seguimento dos obxectivos e a aplicación dos mesmos.

#### 5.2. Primeiro trimestre

#### 5.3. Segundo trimestre

#### 5.4. Terceiro trimestre

### 6. Avaliación

#### 6.1. Procedemento para a avaliación

A avaliación desta programación realizarase a través da consecución ou non de cada un dos obxectivos propostos. De maneira trimestral realizarase un seguimento onde quedará constancia da evolución das accións dirixidas para acadalos. Especificarase tamén a porcentaxe de cumprimento ao rematar o ano académico de cada un dos obxectivos.

#### 6.2. Valoración xeral

#### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

- Comunicación a través da páxina web do centro educativo e os distintos medios de comunicación interna.
- Exposición no claustro de fin de curso
- Exposición e aprobación no Consello Social de fin de curso para a súa incorporación no Plan Anual do Centro para o curso 2024-2025.

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

Descrición	Arquivo
Plan dixital	Modelo_PD_19052022 definitivo.pdf